

Recordatorio de deberes legais ao Concello de Fene de que a Administración debe responder expresamente ás solicitudes de información presentadas pola cidadanía e moi especialmente cando se trata dunha persoa interesada nun procedemento administrativo e recomendación de responder aos escritos presentados pola interesada

Expediente: B.4.Q/527/24

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dona XXX con DNI XXX en relación á non resposta, por parte do Concello de Fene, a unha serie de escritos presentados no rexistro municipal.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito indícanos que:

“(.) 1.- Que el Ayuntamiento no responde al escrito de 10.11.23 ni a la reiterada petición de 31 de julio de 2023, registro núm.2840.

2.- Que el Ayuntamiento le remite la resolución núm.1267/2020 origen de su informe de 24 de febrero de 2021, registro núm. 3371/21, en el que informa en su página 4 el tenor literal siguiente:

*TERCEIRO. - Dar traslado desta resolución ao Rexistro da Propiedade aos efectos do disposto no art.65.1.c) do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.*

3. – Que en el Registro de la Propiedad no consta que el Ayuntamiento de Fene solicitase inscribir la citada resolución 1267/2020. (..)”

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu contendo, esencialmente, o seguinte:

“(..) A orixe do problema é un tema civil derivado dun conflito vecinal que debe de resolverse no xulgado e que o Concello realiza a tramitación legalmente establecida dos expedientes urbanísticos correspondentes.

Tendo en conta o incumprimento da orde de demolición e en base ao artigo 384 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, o 11.07.2023 por medio da Resolución da alcaldía 711/2023 estase coa tramitación da execución subsidiaria mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ata que executen a orde de demolición ditada.

No escrito do 31.07.2023 a denunciante solicita que o órgano municipal execute os actos administrativos ata finalizar a execución da reposición da legalidade e no escrito do 10.11.2023. Este escrito non se respostou xa que non se solicitaba ningún tipo de información senón que era unha petición para que se executara a reposición da legalidade.

No escrito do 10.11.2023 a denunciante solicita informe dos actos de trámite ditados para a execución material da reposición da legalidade ditada. Este escrito non se puido responder debido á alta carga de traballo existente actualmente no departamento. En breve esperamos poder responder a este escrito indicándolle á denunciante que se continúa coa tramitación da execución subsidiaria mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ata que executen a orde de demolición ditada. O 21.07.2023 xa se lle informou á denunciante dunha solicitude de información similar.

O 05.01.2021 e RXS 20210000000023 déuselle traslado ó Rexistro da Propiedade Pontedeume da Resolución da alcaldía 1267/2020. Consta acuse de recibo do 08.01.2021.

O día 05.03.2021 e RXE 202100000001212 recíbese escrito do Rexistro da Propiedade Pontedeume no que acorda suspender a anotación solicitada debido a unha serie de motivos. Realizáronse varias consultas telefónicas co Rexistro da Propiedade Pontedeume para que nos aclararan os motivos da suspensión e nos indicaran como realizarlles o traslado deste tipo de Resolucións, recibindo como resposta que nos chamarían para informarnos. A día de hoxe estamos esperando recibir esa información.”

O Concello de Fene achega copia tanto do escrito remitido en xaneiro de 2021 ao Rexistro da propiedade de Pontedeume como da resposta do mesmo con data de marzo de 2021, así como as certificacións de Correos.

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. No que respecta á remisión da documentación ao Rexistro da propiedade, tal e como se deriva da información achegada por parte do Concello a esta institución, o día 5 de xaneiro de 2021 remitiuse ao Rexistro da Propiedade de Pontedeume a Resolución número 2020/G003/001314. O día 5 de marzo de 2021 o Rexistro respondeu nos seguintes termos:

*"(..) Del examen de los indices y Libros del Registros se hace constar que a nombre de "XXX. con NIF XXX, no aparece inscrita finca o derecho alguno en este Registro. Respecto a la Referencia Catastral XXX. de la que se advierte tiene 14 dígitos. se localizan. al fol, c193 del Tomo 737 la finca registral número XXX de Fene -Vivienda del piso X del edificio o bloque n X del XXX en la parroquia de XXX. término de Fene-. y al folio 142 del mismo Tomo la finca registral número XXX de Fene -Vivienda del piso X del mismo edificio o bloque que la anterior. forma parte del edificio sito en la XXX, número X-. resultando ce sus historiales registrales las Referencias Catastrales XXX y XXX, respectivamente, a favor de titulares distintos de aquellos contra los que se ha incoado expediente. Dichas fincas proceden de la División Horizontal de la finca XXX de Fene Bloque número Uno formado por tres casas a cuyos portales les corresponden los portales números X,X e X de la XXX-. que ha sido dividida horizontalmente, resultando las fincas registrales XXX a XXX de Fene. ambas inclusive.*

*(..)*

*La Registradora que suscribe, teniendo en cuenta los citados Hechos y Fundamentos de Derecho ACUERDA SUPENDER la anotación solicitada por:*

*No figura descrita la finca con las circunstancias prevenidas en el artículo 9 de la Ley Hipotecaria y 51 de su Reglamento, ni constan datos registrales de la misma.*

*No figura que el acuerdo haya sido notificado a XXX, con NIF XXX.(..)"*

Segundo se informa por parte da Administración municipal non se achegou, aínda, solución a este impedimento por parte do Rexistro da Propiedade en cuestión.

SEGUNDA. A interesada remitiu escritos ao Concello de Fene en distintas datas para ter coñecemento da tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística no que está interesada. Segundo se informa, un dos escritos foi respondido pero os seguintes xa non obtiveron resposta, segundo expón o concello pola *"alta carga de traballo existente actualmente no departamento"* . Porén, os escritos corresponden ás datas 31/07/2023 e 10/11/2023, é dicir, superados amplamente os tres meses de prazo para responder ditos escritos.

A este respecto, cómpre lembrar que o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías do cidadán na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación dos cidadáns, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos dos cidadáns e, en consecuencia, ese sistema debe

responder á súa propia natureza garantista, o que conleva a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de se é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Os cidadáns teñen dereito a obter, no prazo legalmente establecido, unha resposta expresa e motivada aos escritos e solicitudes que se formulen ante as administracións públicas, no marco do dereito a unha boa administración. Aduce a administración para explicar a falta de resolución da solicitude formulada polo interesado a acumulación de traballo que soporta a unidade administrativa encargada da súa tramitación, fronte ao que é necesario lembrar que de conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 39/2015, os titulares das unidades administrativas e o persoal ao servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou atrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados ou o respecto aos seus intereses lexítimos.

O artigo 53 da referida Lei 39/2015 regula os dereitos das persoas interesadas nun procedemento administrativo. Entre estes dereitos, está o de coñecer o estado no que se atopa o procedemento en calquera momento, así como a forma en que está a ser tramitado. Como xa se dixo, a señora XXX é interesada no expediente de reposición da legalidade urbanística do que solicitou información nos seus escritos, polo que a Administración debe responder expresamente ditas solicitudes de información.

#### CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello o seguinte ***recordatorio de deberes legais***:

**A Administración debe responder expresamente as solicitudes de información presentadas pola cidadanía e moi especialmente cando se trata dunha persoa interesada nun procedemento administrativo.**

E a seguinte ***recomendación***:

**En atención ás consideracións anteriormente expostas, responder, á maior brevidade posible, os escritos presentados pola interesada solicitando información respecto do expediente obxecto da queixa.**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo